



VERBO CATALÁN E VERBO GALEGO: CONSIDERACIÓNS ASPECTUAIS

Xosé A. Pérez Bouza
Generalitat de Catalunya

0. Introdución

Sabido é que a importancia morfolóxica da aspectualidade posúe un alcance mínimo nas gramáticas das linguas románicas, se nos atemos ó terreo exclusivo das formas verbais simples. Se nos situamos nas formas verbais analíticas o seu valor xa acode máis á superficie. Pero esta perspectiva, se ben constitúe case as dúas únicas consideracións que se tiñan feito sobre o fenómeno do aspecto ha ser mellorada e ampliada nos diferentes estudos gramaticais, tal como xa así o amosan os traballos que se veñen levando a termo nos últimos tempos. A aspectualidade, co seu feito compositivo, está presente na totalidade dos elementos discursivos, sexan enunciados, oracións, incluso estruturas fráxicas ou sintagmáticas... Pescudaremos a súa presenza na oración a través dos seus diversos compoñentes funcionais: suxeito, complementos..., atendendo, por riba de todo, á configuración dos seus elementos nucleares.

Na segunda parte do traballo centraremos na suposta orixinalidade do paradigma verbal do catalán: a presenza do pretèrit perfet perifràstic (*vaig cantar*) que se foi impondo ó pretèrit perfet (*cantí*) a comezos do século XVI, sobre todo, na lingua oral. Sen dúbida, na lingua galega podemos enxergar-la existencia dunha estrutura semellante, se ben moi esvaecida, no galego actual:

Onte *vou ir* á feira e atopeime co Xurxo

1. O aspecto como parámetro sintáctico

1.1. Aspectualidade e funcións sintácticas

Para unha cabal interpretación das relacións da aspectualidade coas diversas funcións sintácticas habemos ter en conta que non se pode vincular

inequívocamente unha categoría funcional cunha situación aspectual determinada. Non existen, polo tanto, vencellos biunívocos; ademais, na maioría dos casos máis cá función en si hai que considera-la estrutura concreta desa función: se o substantivo é continuo ou discreto, específico ou non específico. Así, por exemplo, diante de situacións dinámicas claramente tendentes a un fin podemos atoparnos cunha función distinta á esperada (de CD, por poñer un exemplo), ou ben estruturas nas que o fin conséguese mediante o seu propio desenvolvemento onde tamén se amosan funcións distintas das esperadas. Veremos este fenómeno cando tratemos do CD, que se ten asociado case de maneira necesaria ás oracións télicas.

1.1.1. O suxeito

Se admitimos —como así se fai a cotío— que as nocións aspectuais son plenamente aplicables ó terreo do nominal, é evidente que os substantivos máis adictos a este tipo de nocións son os substantivos deverbais, que conservan o carácter aspectual dos verbos dos que derivan. (Tomámo-la maioría dos exemplos que seguen de Martínez & de la Torre 1989):

- (1) a. O acceso de ira prexudicouno
b. A protección da propia familia prexudicouno

A predicación de (1a) posúe carácter puntual, en coincidencia co carácter do lexema da peza posverbal, a de (1b) durativo, por mor da presenza dos substantivos posverbais acceso e protección, respectivamente. De aí que tales substantivos sexan incompatibles con predicacións nas que os verbos non posúen o mesmo «carácter»:

- (2) a. *O acceso de ira continuou
b. A protección de seu pai interrompiuna no seu quefacer

Igualmente, o axuste do SV cun suxeito plural pode comportar unha pluralización do SV e, conseguintemente, dar un aspecto iterativo á oración, exactamente da mesma maneira que o fai a combinación do verbo cun complemento plural no interior do SV. Disto deriva que unha situación considerada no singular como un cumprimento pode, segundo o caso, comportarse en plural como un cumprimento ou como unha actividade:

- (3) a. Atravesou a vila nun cuarto de hora
b. Atravesaron a vila nun cuarto de hora
c. Atravesaron a vila durante toda a noite
d. Fixeron patrullas durante toda a noite

Os substantivos abstractos e continuos semellan proporcionar un carácter durativo á predicación:

- (4) a. A nenez de Xoán forneceunos de moitas ledicias
b. A chuvia caeu durante toda a noite
c. *O proxectil caeu durante toda a noite

Os substantivos discontinuos inanimados eliminan o carácter dinámico dos predicados non-estativos:

- (5) a. A casa rompía a perspectiva da rúa
b. O río discorría ó longo da fronteira

De xeito semellante, incide tamén a propia configuración na que se atope o núcleo do SN suxeito:

- (6) a. O corredor chegou á meta (*durante dúas horas)
b. Os corredores chegaron á meta (durante dúas horas)

A aceptabilidade dos verbos de culminación en combinación con determinacións adverbiais durativas e sintagmas nominais suxeito plurais definidos (e especificados) tamén se dá no caso de plurais indefinidos, se ben, a falta de especificidade —cantidade non especificada, neste caso— fai que a aspectualidade resultante sexa non durativa en (6b) e en (7d), pero non en (8), de carácter durativo:

- (7) a. *Un doente deste hospital morreu durante meses
b. *O doente morreu durante meses
c. *Estes dous doentes morreron durante meses
d. Algúns doentes morreron durante meses.

- (8) Os doentes morreron durante horas

1.1.2. O complemento directo

O complemento directo é un dos elementos funcionais que máis se ten tido en conta á hora de valoralas diferentes predicacións; non en van V e CD forman unha unidade sintáctico-semántica, as propiedades dos cales se espallan por todo o predicado. A verdade é que se revisámo-la combinación de calquera lingua constatamos que moitísimos verbos non funcionan naturalmente de maneira autónoma, isto é, sen complemento. Isto amósase á hora de exemplificar os elementos que forman parte, por exemplo, da cuatripartición de Vendler; mentres é moi doado atopar verbos que correspondan ás actividades (*correr, traballar, escribir...*), incluso estados (*existir, atoparse, aburrirse, lembrarse...*), a cotío as situacións correspondentes a *cumprimientos* ou *culminacións* tradúcense polo axuste dun verbo e un complemento: *ler un libro, fumar un cigarro, atravesala rúa...*, *para os primeiros; atopar coa/unha solución, acada-lo cumio, obter unha información*, etc. para os segundos. Pois ben,

- (9) a. Gonzalo e María comeron durante horas
b. *Gonzalo e María comeron un bocadillo durante horas

en (a) temos unha actividade, que, como tal, é compatible con adxacentes temporais de duración, por non se ver comprometida coa presenza dun CD en singular. En (b) a presenza dun CD singular e especificado fai que

xa esteamos diante dun virtual cumprimento, incompatible, como tal, con expresións adverbiais de duración.

Pola contra, se facemos que o CD adquira o número plural, sobre todo con carácter non definido (*bocadillos*), entónces é admisible tal compatibilidade (*Gonzalo e María comeron bocadillos durante horas*). O mesmo ocorre con estes exemplos tomados de Borillo (1991):

- (10) a. Fumou o cigarro en menos de cinco minutos
b. Fumou cigarros durante toda a noite

Aínda que, nestes catro exemplos que acabamos de considerar, sexa posible explica-la presenza dos CCDD plurais como una serie sucesiva de cumprimentos, isto é, como situacións iterativas, onde cada unha conserva o carácter terminativo dun cumprimento.

O mesmo fenómeno de relación actividade-cumprimento e o seu distinto comportamento diante de determinacións temporais, en dependencia do CD en cuestión, pode observarse nos seguintes exemplos:

- (11) a. Xoán comeu pan durante cinco minutos
b. *Xoán comeu pan en cinco minutos
c. Xoán comeu un cacho de pan en cinco minutos
d. *Xoán comeu un cacho de pan durante cinco minutos

Se o sintagma nominal obxecto directo é un plural indefinido, a oración convértese en durativa, con calquera tipo de verbos:

- (12) a. Pedro atopou un cogomelo ás tres
b. Pedro atopou cogomelos ás tres

Se o complemento directo é un substantivo continuo, o carácter resultante pode ser tanto de culminación, como de actividade:

- (13) a. Pedro atopou auga en dúas horas/durante dúas horas
b. Pedro atopou xente en dúas horas/durante dúas horas

No que estamos a considerar, fixémonos exclusivamente nos casos de combinatoria en que temos estruturas monoactanciais, sen argumento interno que realiza a función de CD, ou ben tivemos en conta unicamente o aporte semántico da forma que fai función de CD, isto é, o seu carácter continuo, abstracto, discreto, etc. Sen embargo, cabe a nosa atención tamén a aqueles casos nos que este CD é considerado en canto ó seu grao de realización: como «obxecto afectado», simplemente, ou como «obxecto efectuado». Atopamos, deste xeito, casos nos que a implicación semántica do obxecto en cuestión nos fai asistir a predicacións dinámicas de actividade (situacións atéticas), ou, pola contra, a predicacións dinámicas de cumprimento ou de culminación, isto é, a situacións télicas. Por exemplo, diante de:

- (14) a. ?Escribiu o libro durante horas

b. Lin o libro durante horas

En (14a) o obxecto efectuado ou obxecto resultativo fai que teñamos unha consideración de cumprimento ou de culminación (de aí a estrañeza que provoca o adxacente adverbial temporal *durante*). No segundo caso, polo feito de tratarse dun obxecto sinxelamente afectado, non interfere no carácter de actividade da predicación (distinto sería o caso de *Lin o libro en dúas horas*), isto é, no seu carácter atélico.

De aí que podamos asocia-las oracións con obxecto afectado en singular (*O home maltratou o can, a muller lavou o vestido*) ca duratividade, mentres que as oracións con obxecto efectuado, tamén en singular, poden ser interpretadas sempre como cumprimentos ou como culminacións, é dicir, como télicas (*Os obreiros construíron a casa, María redactou o proxecto*). O carácter plural dos CCDD semella neutralizar esta distinción “obxecto afectado/obxecto efectuado” e converte as predicacións en actividades de duración atélica ou en acción repetidas.

Neste sentido, como se ve, a cantidade especificada ou inespecificada do obxecto directo (o seu carácter divisible ou no divisible), xoga un papel determinante á hora de delimita-lo carácter télico ou atélico da predicación en cuestión. A esa determinación da cantidade contribúen os distintos determinantes, o número—tal como acabamos de ver—, do substantivo obxecto directo. Por iso é difícil a ecuación biunívoca telicidade ↔ CD e atelicidade ↔ ausencia de CD: [tomámo-la exemplificación que segue de Teresa Moure]

- (15) a. Xoán cantaba unha canción irlandesa [TÉLICO]
 b. Xoán cantaba folclore irlandés [ATÉLICO]
 c. Xoán cantaba baladas irlandesas [TÉLICO/ATÉLICO]

A escasa nitidez dos contornos proporciona a vinculación da predicación á atelicidade. A escala oscilaría, pois, entre un punto orixinario, nididamente télico coa presenza de determinantes como un/o, un punto intermedio onde a pluralidade pode determinar telicidade ou atelicidade. O outro extremo—dentro de esta escala telicidade → atelicidade— estaría conformado pola ausencia de determinante (determinante \emptyset).

Aínda que esta gradación posúe dabondo poder explicativo, nós atopámonos con casos onde complementos directos altamente determinados provocan lecturas atélicas ou non culminadas: tal é o caso—en opinión de T. Moure— de formas próximas á lexicalización, predicados complexos ou formas de discurso repetido:

- (16) Xoán fixo o parvo (ATÉLICO)
 Noutras ocasións asistimos a casos ambiguos, como

- (17) Xoán bailou a muiñeira

Podemos interpretar que (i) Xoán bailou a peza musical chamada «muiñeira», coa conseguinte interpretación télica, ou (ii) Xoán bailou a ritmo de muiñeira. Por iso, outros factores semánticos que transcenden a conforma-

ción dos enunciados como [\pm télicos], e que fan que a oración se vincule a un ou outro polo aspectual; en concreto, aquí a concepción do obxecto como afectado ou efectuado xoga a favor ou en contra dunha determina da concepción aspectual.

Doutra banda, esta afectación do obxecto comporta unha participación —posiblemente escalar— animada ou non animada do mesmo na predicación, así como a capacidade ou incapacidade do verbo para organizar unha predicación monoactancial ou biactancial.

En,

(18) Xoán paseaba o seu can

tódolos tests aplicables amósannos que estamos diante dunha predicación atélica. Aparte das probas, podemos deducir tal carácter por outros camiños, que son os que orixinan o tipo de argumentos verbais presentes:

- a elevada animación do obxecto (o can) obríganos a unha interpretación como escasamente afectado (lémbrese que o trazo [\pm télico] está vinculado á afectación do obxecto);
- o verbo (pasear) é capaz de organizar unha predicación monoactancial (Xoán paseaba), co que o obxecto que poida aparecer farao con carácter de non adaptarse a ese suposto perfil de meta.

De veces, incluso, cuestións culturais e extralingüísticas —en xeral— inciden en que unha predicación tome unha feitura aspectual en troques doutra. Incluso, tales condicionamentos de inflexión poden derivarse do contexto precedente de comunicación:

- (19) a. Xoán leu o libro (TÉLICO)
b. Xoán leu o xornal (TÉLICO/ATÉLICO)

Por iso, Borillo (1991) considera que na composición do aspecto da oración interveñen, ademais do verbo, o predicado no seu conxunto, o suxeito, o tempo verbal, os adverbios e expresións adverbiais, o contexto discursivo, etc.

1.1.3. O complemento indirecto

Se o complemento indirecto non se amosa especificado no tocante á súa cantidade, non presenta o trazo [+DIV], isto é, o das expresións inespecificadas [-esp], unicamente é posible a interpretación durativa ou iterativa:

(20) Entregou o galano a moitos nenos durante tres horas.

Aínda que o comportamento dos complementos indirectos sexa semellante ó dos complementos preposicionais, que veremos de contado, a súa estreita vinculación con obxectos animados e a conseguinte consideración deste tipo de obxectos como parcialmente afectados, fai que a interpretación télica sexa viable:

(22) Xoán escribiu á súa amiga.

1.1.4. Os complementos preposicionais

Incluimos aquí tanto os chamados “suplementos” en español, así como os chamados complementos adverbiais (vive en Xinzo), e os complementos circunstanciais tradicionais.

- (23) a. Xoán falou (ATÉLICO)
 b. Xoán falou en portugués (ATÉLICO)
 c. Xoán falou de política (ATÉLICO)

O feito de que a presenza de preposicións se deba ó réxime do verbo fai que os contidos aspectuais se esvaezan e se tenda á consideración ilimitada do proceso:

- (24) a. Pensou unha resposta (TÉLICO)
 b. Pensou nunha resposta (ATÉLICO)
 c. Discutiu un asunto (TÉLICO)
 d. Discutiu sobre un asunto (ATÉLICO)

En troques, nos complementos circunstanciais, nos que a preposición non aparece rexida e o obxecto pode parecer totalmente afectado, o seu comportamento parece semellante ó dos complementos directos.

- (25) a. Xoán subiu a montaña (TÉLICO)
 b. Xoán subiu varias montañas (ATÉLICO)
- (26) a. Xoán subiu á montaña (TÉLICO)
 b. Xoán subiu á montaña (ATÉLICO)

2. A orixinalidade do perfet perifràstic do catalán

Imos referirnos, en segundo lugar e de xeito sumario, a un dos fenómenos máis característicos e máis estudados da lingua catalana: o problema do perfet perifràstic, *vaig cantar*, coas súas consecuencias tamén no modo subxuntivo, *vagi cantar*, así como as súas formas representativas dos tempos compostos: *vaig haver cantat* para o indicativo e *vagi haver cantat* para o subxuntivo. Feito perifràstic este que semella contravi-los demais procesos perifràsticos que ocorren nas linguas románicas: ¿como se explica este carácter perfectivo dunha perífrase orixinaria e esencialmente prospectiva e imperfectiva?

A morfoloxía deste perfet perifràstic (passat perifràstic d’indicatiu, segundo o IEC; pretèrit perfet perifràstic, segundo Badia 1994) é a seguinte:

- vaig (i N3 *vareig)
 vas (i N2 vares)

va

vam (i N2 varem, N3 *vem)

vau (i N2 vareu, N3 *veu)

van (i N2 varen)

(No dialecto alguerés de hoxe aínda perviven 4-anam e 5- anats, no canto de vam e vats/vau, respectivamente).

As formas N2 danse na área nororiental, balear e valenciana central (non no valenciano xeral, onde seguen as formas máis estándares *vam* e *vau*), con -r- analóxico derivado do passat simple: *cantares*, *cantàrem*, *cantàreu*, *cantaren*.

As formas N3 alternan coas máis xerais *vam*, *vau* en lugares da área oriental como Barcelona, Berga, Bagà ou Pobla de Lillet.

Tal como dicíamos máis arriba hoxe o perfet perifràstic é de uso xeral (con algunha excepción coma a do verbo *deure* no seu emprego auxiliar: *per fi degué pagar la factura* / **va deure pagar la factura* ou o proverbio *hostes vingueren que de casa ens tragueren*), pero o vello perfet simple resíste-se nos falares valencianos (con menos forza nas Illes: a substitución non se dá no eivisenco e só parcialmente no mallorquino), aínda que o primeiro vai acadando máis aceptación. Incluso na lingua do coloquio formas simples como *3-caigué* o *3-féu* causan certa sorpresa e semellan afectadas (en catalán, evidentemente, non en valenciano nin balear), fronte a *3-va caure* ou *3-va fer*.

Sen embargo, si se percibe afectación na persoa 1-*cantí* en case que tódalas comarcas, agás a resistencia no valenciano central (no valenciano xeral adóptanse as outras cinco persoas). Na escrita a primeira persoa sintética xa non se emprega, en beneficio da forma analítica *vaig cantar*. (Véxase, para a morfoloxía do perfet perifràstic: Badia 1994: 546, e Perea 2002; nas páxs. 587 e 588 do traballo desta autora atopamos unha comparación dos nomes cos que se ten nomeado dita forma).

Imos ver, de contado, as diferentes explicacións que se teñen ofrecido sobre este perfet perifràstic do catalán.

2.1. Manuel de Montoliu (1916) cre que "(...) el traspàs del sentit de present al de perfet realitzat en les formes perifàstiques del present de anar + infinitiu, fou per un costat ocasionat per la pèrdua dels perfets antics i per altre afavorit per l'existència d'una doble forma de present (simple i perifràstic)" (Montoliu 1916: 80). Transformación á que coadxuvan dúas causas máis:

- (1) a coincidencia formal entre a primeira e segunda persoa de plural do verbo *anar* en presente e perfecto de indicativo: *anam*, *anats*,
- (2) a coincidencia de uso no eido da narración do presente histórico e do perfecto.

O feito central que carrexou semellante dislocación, isto é, a desaparición da multiplicidade de perfectos latinos, non se produciu de maneira limpa, senón que trouxo consigo o enriquecemento do presente con algunhas das formas dos antigos perfectos fortes en -c e -g. Así, desaparecen formas de presente como *estanc* (*estan*), viu, *posc* (*pusc*), *creu*, etc., e son substituídas

polos súas correspondentes formas de pretérito: *estic, visc, puc, crec*, respectivamente, fronte, por exemplo, ó provenzal (xunta formas perifrásticas: *vai dir, anet dir...*), onde perduran as formas do perfecto antigo.

El passat donà al present aquesta serie de formes en *-c*, (...) tan fecundas en la morfología del verb català modern; i a son torn el present donà al passat tota sa conjugació perifràstica amb *anar + infinitiu* (Montoliu 1916: 83).

Así pois, a presenza deste *perfet perifràstic* no sistema do catalán barcelonés (non no diasistema catalán-valenciano-balear. Lembremos, ó respecto, a presenza abafadora de *cantí*, en troques de *vaig cantar*, no valenciano central), prodúcese por un reaxuste do sistema verbal; pero, ¿como pasar dunha noción incoativa, sentido que se pode apreciar nas perífrases con sentido progresivo, mellor, incoativo, da mesma estrutura *vado + inf.* en castelán (se ben esta lingua amosa exemplos da mesma feitura na Idade Media: *va besar, iba dar, fué entrar*) ou gallego? Sen embargo, nesta lingua —como veremos máis abaixo— ese sentido de prospección ou de futuridade non sempre é visible cando se trata de contextos pretéritos:

- este feito *vai se-lo* que provocou a nova situación/este feito *vai se-lo* que provocará a nova situación,
- E o tonto estaba a come-las papas, díxolle ó listo: “Estas papas están máis frías ca estaban”, e *van chegá-los* ladróns a petar no tellado e entonces dille o tonto ó listo: “¿Quen anda aí no tellado?” (Recollido en Pías, Pontecóns. Ponteareas, Pontevedra; Rojo 1972: 59).

Para Montoliu, que segue a Meyer-Lübke, o carácter da perífrase é derivación ou consecuencia do seu significado incoativo, e, en troques de evolucionar como en francés e nos demais romances occidentais cara o sentido de futuridade, “en català, al contrari, una acció el principi de la qual es posat particularment de relleu, és representada per aquell que parla com passada respecte al moment en que l’executa” (Meyer-Lübke, III, § 324. cit. en pág., 81). Dicía Meyer-Lübke: “(...) mais, tandis qu’en français celle-ci se développe dans le sens du futur et que par conséquent ce qui n’est pas terminé est regardé comme n’existant encore en aucune façon, au contraire en catalan une action dont on met le début particulièrement en relief, est représentée par celui qui parle comme postérieure au moment où il le fait” (Meyer-Lübke: 357).

Así pois, segundo Montoliu, ese sentido incoativo inicial daría lugar a unha acción lóxica de futuridade no francés e noutras linguas, mentres na lingua catalana acadou sentido de pasado perfectivo.

2.2. Antonio M.^a Badía Margarit (1951) considera que, malia a súa frecuencia en textos do século XIV e, sobre todo, no século XV, “(...) a darrerries del segle XV trobem preferit encara el perfet sintètic, ja que se censuren les formes «*vaig anar e vaig venir per aní e venguí e semblants*»” (Badía 1951: 369).

As manifestacións anteriores da perífrase, pensa o autor, igual ca

Montoliu, que non son senón presentes, pois existía unha conxugación perifrástica parella á das formas simples; así, desaparecen as formas *aní/ané cantar; anist cantar; anà cantar; anam cantar; anast cantar; anaren cantar*, e este baleiro é ocupado pola perífrase de presente, toda vez que non soamente desaparecera a perífrase de perfecto, senón incluso o mesmo perfecto (indefinit, en sentido latino, segundo Badía): *canté, cantist, cantà, cantam, cantats, cantaren*.

As razóns de semellante reestructuración son as mesmas que xa sinalaba Montoliu: (a) a identidade 4. *anam* e 5. *anats* de presente e perfecto de *anar*, e (b) “la constant barreja del present històric i el perfet en els textos antics” (Badía 1951: 370-371).

Segundo Badía (1981, 19842) o catalán antigo posuía para o presente e para o perfet dúas formas, unha sintética e outra analítica. No presente tiñamos *cant, cantes, canta, cantam, cantats e canten, a carón de vau cantar, vas cantar, va/vai cantar, anam cantar, anats cantar e van cantar*. No perfet *cantí, cantist, cantà, cantam, cantats e cantaren, á par de aní/ané cantar, anist cantar, anà cantar, anam cantar, anats cantar e anaren cantar*.

No século XIV, e, sobre todo, no XV as formas perifrásticas do perfet non tiñan tal valor de perfet, senón de presente simple; así ocorre en Ramon Llull, na *Crònica* de Jaume I (*E van ferir en la devantera los nostres als sarrains*, onde *vau ferir = fereixen*) ou en Muntaner (*van venir envers en Berenguer d’Entença; Lo senyor rei va brocar primer, e va ferir lo primer que trobà... e pois va metre mà a l’espa*). Nembargantes, o perfecto sintético é preferido aínda a finais do século XV, pois censúranse nos tratados de retórica as formas “*vaig anar e vaig venir per aní e venguí e semblants*” (Badía 1984: 369). De feito podemos documentala súa coexistencia no século XV: “Per què, mon frare, vos faç a saber que, per raó de la dita vertola la qual jo tenia o encara tinc, jo no *poguí* cercar lo dit Masons, ma jo el trobí un dia que *isquí* de casa, e *vaig-li demanar* les diners, e ell me dix...” (“Epistolari del s. XV”, 1446; ed. 1926, 115, cit. en Blasco Ferrer, 1984: 152, nota 108).

2.3. Colon (1970) tenta chegar ás dúas seguintes conclusións:

- (a) “La perífrasi esdevé un mitjà d’expressar l’aspecte” (Colon 1970: 138). Aínda que o aspecto do infinitivo da perífrase sérvelle ó autor para fixa-la data na que deixou de ser un recurso do estilo épico ou narrativo para converterse no que hoxe é: un sintagma que se refire ó pasado, aquí cremos que por ‘aspecto’ habemos entende-lo valor estilístico do mesmo sintagma: a carga afectiva, a espontaneidade, o carácter expresivo que a perífrase posuía nos seus comezos.
- (b) Dita perífrase sobreviviu porque no sufriu, beneficiosamente, durante tres séculos (XVI, XVII e XVIII), o páramo literario, espacio precisamente aboado para o trunfo das tendencias vulgares da lingua.

A explicación que nos dá o autor sobre o sentido pretérito da perífrase é o seguinte:

Quan, de la noción de movement —la més clara de les nocions d'acció— no retenim com a element semàntic propi sinó la idea d'impulsió, d'embranchada, d'espontaneïtat, el verb *anar* esdevé l'agent de l'anadura extraordinària. La perífrasi formada amb l'auxiliar de movement és susceptible de venir a perturbar tot un seguit d'esdeveniments. Té una manera brusca i inesperada d'entrar en acció i de provocar amb això la posada en relleu d'un fet de la narració (*va fer, anà fer* en els exemples medievals) (*id.*: 123).

O auxiliar posúe, deste xeito, un papel de animador do relato, máis ca fixador da localización temporal.

Psicolóxico-estilística é a explicación que o autor nos proporciona sobre a adquisición do valor de pasado que se produce na perífrase: o que xa non ten existencia é o que máis loita na conciencia do falante por proxectarse no presente. Tal gramaticalización acontece cara a 1318 ou 1330. A iso axuda interpretativamente o sinal de que ata 1350 —segundo Colon— os verbos principais das perífrases son todos perfectivos. A aparición de infinitivos como *vetllar, dormir, remirar, sentir* “proven bé que la meitat del segle XIV serveix de punt d'enllaç entre les dues etapes de la perífrasi” (*id.*: 135): a etapa de recurso meramente épico e a de sintagma de pasado.

2.4. Maurice Molho (1970) aproveita as teorías da ‘psicomecánica’ de Gustave Guillaume para aplicarlas ó perfecto perifrástico catalán, e non fai máis ca limitarse a subliña-la orixinalidade da lingua catalana no tocante á invención do que el nomea ‘paraaoristo’: “l’originalitat del català és d’haver-se donat un paraaorist, sota l’espècie d’una construcció perifrástica basada sobre la invenció d’un auxiliar capaç, per raó del seu contingut lèxic, de convertir en exponencial l’ascendencia formal de l’aorist” (Molho 1970: 99); da seguinte maneira:

$$\begin{array}{ccc} & \text{aor.} & \\ & \text{Af} & \\ \text{V} & & \text{V,} \\ & \text{Aux} & \\ & \text{aor.} & \\ \text{onde, Aux} & \text{— Af} & \text{+ anar + infinitiu} \end{array}$$

Molho cre que a copresencia de *va ferir* e *ana ferir* da *Crònica del rei Jaume* desapareceu e mantense unicamente *va ferir*, o que proba que se trataba dun presente histórico.

Cando pasa a analizar un parágrafo de *Narracions* de Salvador Espriu, onde aparece en coordinación o aoristo perifrástico e o perfecto simple, afirma que “el paraaorist serveix per significar el primer dels dos esdeveniments que s’hi evoquen” (*id.*: 93). É esta a única caracterización do autor que nos parece interesante e que pode interpretarse como segue: o perfecto perifrástico, abofé, perdeu na conciencia popular a súa fasquía de dualidade, pero tamén é considerado cunha específica capacidade para salienta-los feitos extraordinarios, os que primeiro e máis fundamentalmente impactan no

oínte ou no lector. De tódolos xeitos, segue na escuridade esa ascendencia dentro da decadencia, ese carácter contradictorio do aoristo (sexa simple o ‘paraaoristo’), esa incidencia ou visionamento final, escuridade inherente a toda explicación psicolóxica da ‘cronoxénese’, por emprega-lo vocábulo guillaumeano.

2.5. Ángel López García (1979) tenta responde-las tres preguntas seguintes:

- (a) ¿Cómo xorde o valor pasado de vado + inf en francés, provenzal e catalán?
- (b) ¿Por que non se dá en castelán e portugués, se este tipo de perífrases é específico da romanía occidental no seu conxunto?
- (c) ¿Por que a perderon, cara os séculos XVI-XVII, o francés e o provenzal, non conservándose máis ca no catalán e con crecente puxanza? (López García 1979: 130).

Ó autor seméllalle axeitada a proposta de Colon (1970): a perífrase cumpre un proceso de ‘actualización’ “que retería unicamente o trazo [+impulso] do primitivo verbo de movemento latino, a carón da perífrase durativa con xerundio, atenta ó matiz secuencial de *ire*, e das construcións de posterioridade que amosan a dependencia dunha orixe e dunha meta” (id.). De tódalas maneiras, López García considera que unha explicación sociolingüística non pode dar razón da perda e conservación da perífrase, e cre que a “estructura interna do sistema verbal” ha ter desempeñado un importante papel.

A súa postura pode resumirse como segue: “(...) O xiro catalán *vaig cantar* debeu de nacer como unha posibilidade máis da lingua e acadou a gramaticalización cando o seu significado pasou a ser o de ‘pasado perfecto’” (pág., 134). Os pasos desta evolución serían:

- (a) actualización común a francés, provenzal, catalán, castelán e portugués.
- (b) mantemento en francés e provenzal antigos e constitución dun sistema correlativo co novo futuro en catalán, castelán e portugués,
- (c) desactualización e aparición dun valor pasado en francés, provenzal e catalán; perda en castelán e portugués.
- (d) perda da perífrase en francés e provenzal e fortalecemento na lingua catalana.

Non nos parecen aceptables as ideas do autor cando cre que a perda da ‘tmesis’ no futuro romance foi un factor determinante para a desaparición do sistema que as nosas linguas peninsulares crearon arredor do futuro: PAS: fue-le-cantar / PRES: va-le-cantar / FUT: cantar-le-ha, nin moito menos cuestións de distribución táctica ou de colocación dos seus elementos. Ademais, en catalán produciuse a desactualización, mentres que en castelán mantívose este sistema ata o século XVII, e no portugués ata hoxe.

Si que concordamos co apartado (d) do autor: cara finais do século XV

aparece un novo futuro analítico vado + *infinitivo* en francés, provenzal e catalán, que as linguas francesa e provenzal rexeitan e fan que desapareza ó longo do século XVI e XVII, coa axuda dos retóricos; de maneira que *il va choisir le livre* ficará definitivamente como: S(il) = ([+futuro])P (va choisir, le livre) e non como antes: S(il) = (va,...) P (choisir, le livre), e que conserva a lingua catalana.

2.6. Enric Vallduví (1987) mantén a seguinte tese: “(...) al català preliterari no hi havia cap perífrasi amb el verb *anar* y un infinitiu. Per tant, cap construcció perifràstica mai no es va fer servir per a donar vividesa, èmfasi o dramatisme a l’acció. (...), cap perífrasi no fou usada com a present històric, perquè tal perífrasi mai no va existir. Ara bé, (...), sembla lógic pensar que el present històric va intervenir en el procés de formació del perfet perifràstic (...)” (Vallduví 1987: 91), endexamais “(...) una seqüencia va + *inf.* amb contingut futur fou l’origen del perfet perifràstic” (*id.*: 90).

Segundo o autor, seguindo a Lightfoot (*Principes of diachronic syntax*. Cambridge, 1979), o perfecto perifràstico orixinouse como consecuencia dun proceso de reanálise sintáctica en contextos pretéritos, que exemplifica do seguinte modo, como tránsito de (16a) a (16b):

(16a) PRET (S el reii (VP (V va) (S PROi (VP (ferir l’enemic))))

(16b) PRET (S el rei (TEMPS va) (VP (V ferir) l’enemic));

feito do que sospeitamos non tratarse senón dunha perfecta soldadura entre auxiliar (*va*) e principal (*ferir*), diante da ausencia de semellante indisociabilidade nos outros casos de perífrases con *anar*. Con todo, o proceso fica tan escuro como en López García, e soamente acadamos unha explicación a *posteriori* da perífrase, xa cando ten acadado unidade e en contextos absolutamente pretéritos; fica sen explica-lo tránsito da presentización ó valor de pasado perfecto, o paso dun aspecto imperfectivo a un aspecto perfectivo. ¿Non será que a extensión de tal procedemento perifràstico a todo tipo de verbos auxiliados, sexan perfectivos ou imperfectivos, no percorrer da segunda metade do século XIV, tivo máis importancia cá meramente locativa, que supón Colon á hora da focalización perfectiva do contido perifràstico? ¿Non haberá que buscar outra explicación diferente á proposta por López García, cando considera o significado perfectivo como una consecuencia do “adiantamento do infinitivo ata o nó ‘=’ de es”?

Sexa como for, a proposta de Vallduví da non unidade semántica de todo tipo de unión *anar* + *auxiliado* (incluso infinitivo), primeiro cá aparición da perífrase de pretérito, é unha suposición que non semella ter en conta o anteriormente defendido: a incuestionable precedencia na xénese do valor de pasado perfecto do presente narrativo.

3. No galego coloquial tamén existe un pretérito perifrástico (vado + infinitivo)

A expresión vado + infinitivo acadou tamén no galego unha unidade de significado e unha soldadura formal, aínda que con algunhas eivas, que a converten en forma analítica intercambiable co pretérito de indicativo. Falamos de defectividade formal, porque non tódalas persoas adoitan configurase con semellante perífrase: moi normal no singular, menos no plural, non posúe realizacións nas segundas persoas, tanto de plural coma de singular. O seu uso só se dá nas primeiras e terceiras persoas. A súa morfoloxía é a seguinte:

vou	
*vas	
vai	+ infinitivo
imos	
*ides	
van	

A cotío estamos diante dun marco ou operador que anticipa un feito inesperado, salientable, digno de ser tido en conta... Ademais, precisa a perífrase dun localizador temporal de pretérito e dunha necesaria sucesión dese acontecemento que o falante quere subliñar como rechamante. Vexámo-los exemplos:

Fai un mes *vou ir* á feira e atopeime/atópome con Xurxo
 Domingo pasado *imos ir* á misa e o crego non veu
 Onte *vai montar* na besta, un gato saltou da parede, o animal
 asustouse e caeu ó chan.

4. A xeito de conclusión

Tentamos amosar que, lonxe dunha consideración afixal do aspecto, tanto a situación que o verbo describe, coma os diferentes elementos que interveñen nas estruturas oracionais son os responsables dunha rede de dependencias mutuas, de xeito que a visión predicativa depende dun e doutros mediante criterios selectivos por veces de non doada determinación.

A teor do que dixemos sobre o pretérito analítico do catalán, podemos asegurar que na lingua galega de hoxe existe idéntica estrutura, se ben o seu afastamento do cultivo literario fai que fiquen reducidos a usos dialectais ou, en todo caso, coloquiais, feito que empece unha soldadura temporo-aspectual unitaria en todo o dominio do galego.

Bibliografía citada

- BADIA I MARGARIT, Antoni María. *Gramàtica històrica catalana*. Barcelona: Tres i Quatre (Biblioteca d'estudis i investigacions), 19842.
- *Gramàtica de la llengua catalana (descriptiva, normativa, diatòpica, diastràtica)*. Barcelona: Enciclopedia catalana (Biblioteca universitària, 22), 1994.
- BLASCO FERRER, Eduardo. *Grammatica Storica del Catalano e dei suo dialetti con speciale riguardo all'Algherese*. Gunter Nar Verlag Tübingen, 1984.
- BORILLO, ANDRÉE. «De la nature compositionnelle de l'aspect». *Travaux de Linguistique et de Philologie*, XXIX (Les typologies de procès) (1991): 97-101.
- COLON, Germà. «Sobre el perfet perifràstic vado + *infinitiu* en català, en provençal i en francès». *Actes del II Col.loqui Internacional sobre el Català, Amsterdam*, 1970. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat (Biblioteca Abat Oliba, 8), 1976.
- LÓPEZ GARCÍA, Ángel. «El pretérito perifrástico catalán y la teoría de las perífrasis románicas». *Homenaje a Samuel Gili Gaya (in memoriam)*. Barcelona: Vox (Biblograf), 1979.
- MARTÍNEZ LAÍNEZ, Ana M. e Antoni de la TORRE. «El mode d'acció verbal com a categoria oracional: factors que intervenen en la seva configuració». *Actes del Vuitè Col.loqui Internacional de Llengua y Literatura Catalanes*. Tolosa de Llenguadoc, 12-27 de setembre de 1988. Publicades a cura d'Antoni M. Badia Margarit i de Michel Camprubí. Vol. I. Barcelona: Associació Internacional de Llengua i Literatura Catalanes, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1989. 201-211.
- MARVÀ, Jeroni. *Curs superior de gramàtica catalana*. (Nova edició, revisada i ampliada per Eduard Artells). Barcelona: Barcino, 1968.
- MEYER-LÜBKE, W. *Grammaire des langues romanes, III*. Slatkine Reprints, Laffite Reprints, 1974.
- MOLHO, M. «L'aorist perifràstic català». *Actes del II Col.loqui Internacional sobre el Català, Amsterdam*, 1970. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat (Biblioteca Abat Oliba, 8), 1976.
- MOLL, Francesc de B. *Gramàtica històrica catalana*. València: Universitat de València, 1991.
- MONTOLIU, M. de. «Notes sobre el perfet perifràstic català». *Estudis Romànics I*, Barcelona, 1916.
- MOURE, Teresa. «El contenido aspectual telicidad en las cláusulas biactanciales del español». *Verba* 18 (1991): 353-374.
- PEREA, María Pilar. «Flexió verbal regular», en J. Solà *et alii*. *Gramàtica del català contemporani*, vol 1. Barcelona: Empúries, 2002.
- PÉREZ BOUZA, José A. «Aspecto verbal y funciones oracionales», en Carlos Martín Vide (ed.): *Lenguajes Naturales y Lenguajes Formales. VII*. Barcelona: P.P.U., 1991. 523-530.
- «La aspectualidad: aproximaciones últimas». En Carlos Martín Vide (ed.): *Lenguajes Naturales y Lenguajes Formales. XI*. Barcelona: P.P.U., 1995. 285-300.

- ROJO, G. *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Santiago de Compostela: Verba, Anejo 2, 1974.
- SOLA, Joan et al. *Gramàtica del català contemporani*, 3 vols. Barcelona: Empúries, 2002.
- VALLDUVÍ, Enric. «Sobre el perfet perifràstic català». *Actes del Cinquè Col·loqui d'Estudis Catalans a Nor-Amèrica* (Tampa-St. Augustine, 1987). Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat (Biblioteca Abat Oliba, 68), 1988.
- VENDLER, Zeno. «Verbs and Times». *Philosophical Review*, 66, (1967): 143-160. [Publicado, posteriormente, en *Linguistics in Philosophy*, Ithaca].

Pérez Bouza, Xosé A. "Verbo catalán e verbo galego: Consideracións aspectuais". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.